



**Boletín Cultural**

**O sábado celébrase a Gala das Letras da AELG e coñeceráanse as obras gañadoras dos premios AELG 2015**

*Remitido por José Antonio Sierra*

08/05/2015@01:24:46 GMT+1

Na Gala das Letras, que terá lugar o sábado, 9 de maio, ás 20.00 no Salón Rexio do Círculo de las Artes da cidade de Lugo, daranse a coñecer as obras gañadoras dos Premios AELG 2015. As obras finalistas, publicadas en 2014, son escollidas polos 435 socios e socias da AELG. Os premios da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega chegan así á décimo sexta edición. O premio ESCRITOR GALEGO UNIVERSAL será recollido polo autor brasileiro Luiz Ruffato.

(A *Coruña, 7 de maio de 2015*) Os socios e socias da AELG xa escolleron as obras editadas en 2014 gañadoras nas modalidades de ensaio, poesía, narrativa, tradución, teatro, blog literario, literatura infanto-xuvenil e traxectoria xornalística. Nestes dous últimos casos tamén participaron na elección os asociados de Gálix (Asociación galega do libro infantil e xuvenil) e os membros do Colexio de Xornalistas respectivamente.

As obras gañadoras daranse a coñecer na Gala das Letras, un dos actos máis importantes na vida da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, que comezará ás 20.00 do sábado 9 de maio no Círculo de las Artes de Lugo.

Son finalistas as obras:

**Blog literario**

- ***Caderno da crítica***, de **Ramón Nicolás** [<https://cadernodacritica.wordpress.com/>]  
§ ***Criticalia***, de **Armando Requeixo** [<http://armandorequeixo.blogaliza.org/>]  
§ ***Versos e aloumiños***, de **Antonio García Teijeiro** e **Antón García Fernández** [<http://garciateijeiro.blogspot.com.es/>]

**Ensaio**

- ***Á procura da poesía. Vida e obra de Luz Pozo Garza***, de **Aurora López e Andrés Pociña** (Alvarellos Editora)  
§ ***Galiza, um povo sentimental? Género, política e cultura no imaginário nacional galego***, de **Helena Miguélez-Carballeira** (Através Editora)  
§ ***Leandro Carré. Un século de cultura e compromiso***, de **Xosé Manuel Maceira Fernández** (Alvarellos Editora)

**Literatura Infanto-Xuvenil**

- ***Escarlatina, a cocineira defunta***, de **Ledicia Costas** (Edicións Xerais de Galicia)  
§ ***Penúltimas tendencias***, de **Carlos Negro** (Edicións Xerais de Galicia)  
§ ***Tes ata as 10***, de **Francisco Castro** (Editorial Galaxia)

**Xornalismo Cultural**

- **Alberto Ramos**  
§ **Blanca-Ana Roig Rechou**  
§ **Carme Vidal**  
§ **Montse Dopico**

**Narrativa**

- **55**, de **Xavier Queipo** (Edicións Xerais de Galicia)  
§ ***A viaxe de Gagarin***, de **Agustín Fernández Paz** (Edicións Xerais de Galicia)  
§ ***Dende o conflito***, de **María Reimóndez** (Edicións Xerais de Galicia)  
§ ***Máscaras rotas para Sebastian Nell***, de **Alberto Ramos** (Editorial Galaxia)  
§ ***Olympia Ring, 1934***, de **Xabier López López** (Editorial Galaxia)  
§ ***Zapatillas rotas***, de **Xabier Quiroga** (Edicións Xerais de Galicia)

**Poesía**

- ***A distancia do tambor***, de **Eva Veiga** (Espiral Maior)  
§ ***As voces da máscara***, de **Arcadio López-Casanova** (Pen Clube de Galicia)  
§ ***Celebración***, de **Gonzalo Hermo** (Apiario)  
§ ***dun lago escuro***, de **Marta Dacosta** (Edicións Xerais de Galicia)

§ *Transfusión oceánica*, de **Xosé Iglesias (A. C. Caldeirón)**

#### Teatro

- *Aos Reis Magos non lles gustan os caramelos de menta*, de **Isabel Freire (Editorial Galaxia)**  
§ *Lapsus. A comedia de existir*, de **Alfonso Pexegueiro (Axóuxere Editora)**  
§ *Obras completas. Volume IV*, de **Roberto Vidal Bolaño (Edicións Positivas)**

#### Tradución

- *A Divina Comedia*, de Dante Alighieri, en tradución de **Darío Xohán Cabana (Edicións da Curuxa)**  
§ *Jude o escuro*, de Thomas Hardy, en tradución de **María Fe González (Editorial Hugin e Munin)**  
§ *Tempo de exilio*, de Joseba Sarrionandia, en tradución de **Isaac Xubín (Faktoria K de Libros)**  
§ *Un matrimonio provinciano*, da Marquesa Colombi, en tradución de **Isabel Soto (Editorial Hugin e Munin)**

Hai fotos dispoñíbeis daqueles finalistas que son socios/as da AELG na fototeca da web da Asociación: <http://www.aelg.org/Centrodoc/GetPhotoLibrary.do>

Alén destas categorías, os Premios AELG constan doutros tres galardóns outorgados pola Asemblea de Socios e Socias da AELG:

- O premio **Mestres e Mestras da Memoria**, que chega á súa terceira edición, que se concede a *Josefa Arias Castelo*, de Vilalba, e a *Emilio Pérez Álvarez*, “*Emilio do Pando*”, do concello da Fonsagrada, por toda unha vida de dedicación exemplar á transmisión oral de saberes e valores da nosa cultura popular tradicional.
- O **Premio AELG Institucións 2015**, que se concede a aquelas entidades que contribúen á divulgación da lingua e cultura galega e que este ano, pola súa defensa dos dereitos profesionais dos/as xornalistas, por ter o idioma galego e o xornalismo cultural como prioridade, e por promover os valores éticos na escrita xornalística, se concede ao *Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia*; e polo seu empeño en que Galiza teña uns medios de comunicación galegos e en galego e, por tanto, pola súa contribución ao proceso de normalización lingüística e cultural á *Asociación de Medios en Galego*. Recollerán o premio Xosé Manuel Pereiro, decano do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e Henrique Sanfíz, presidente da Asociación de Medios en Galego.
- E mais o **Premio AELG 2015 Escritor Galego Universal**, que na súa décima edición recollerá o escritor brasileiro *Luiz Ruffato*; este galardón que xa recibiron Mahmud Darwix, Pepetela, Nancy Morejón, Elena Poniatowska, Juan Gelman, Antonio Gamoneda, José Luis Sampedro, Lidia Jorge e Bernardo Atxaga, e co que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega destaca aqueles autores e autoras que unen á excelencia literaria o compromiso ético que os converte en referentes na defensa da dignidade nacional e humana. Vexa [aquí](#) a súa axenda en Galicia.

No transcurso da Gala das Letras a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega entregará tamén o seu recoñecemento anual “**Os Bos e Xenerosos**”, que chega este ano á súa duodécima edición e que supón un acto de recoñecemento dunha figura ou colectivo que, pola súa dilatada actividade de intervención social, contribúe á difusión da nosa cultura. Neste caso, pola súa contribución en diversos eidos do Xornalismo, sempre á altura das necesidades do seu tempo e, particularmente, por poñer os alicerces para termos uns medios de comunicación galegos e en galego, serán nomeados Bos/Boas e Xenerosos/as *Xosé María García Palmeiro, Margarita Ledo Andión, Manuel Lombao e Tareixa Navaza*.

A Gala das Letras contará coa actuación musical “Os sons esquecidos”, a cargo de Abraham Cupeiro e Iago González, e é un acto aberto con entrada libre até completar capacidade.

A duración prevista é de 100 minutos, aínda que as obras gañadoras se darán a coñecer durante a primeira parte da Gala.

Co apoio da área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo, Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Concello de Lugo e a colaboración do Círculo de las Artes

¿Te ha parecido interesante esta noticia?